

# XXVII CERTAME LITERARIO ALBERTO ROMASANTA

IES VIRXE DO MAR E IES CAMPO DE SAN ALBERTO E NOIA

IES POETA ANÓN DE OUTES, CEIP PLURILINGÜE CERNADAS DE CASTRO DE LOUSAME

## BASES

a.- Poderán concorrer a este certame literario as alumnas e alumnos matriculadas/os en calquera dos catro centros educativos no presente curso académico 2021-2022.

b.- Establécense tres niveis de participación nas modalidades de RELATO e POESÍA:

NIVEL 1. Alumnado PRIMEIRO CICLO da ESO e ESA 1

NIVEL 2. Alumnado SEGUNDO CICLO da ESO e ESA 2

NIVEL 3. Alumnado BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS.

c.- En cada nivel haberá 4 finalistas e concederanse dous premios (que poderán quedar desertos) correspondentes ás modalidades de RELATO e POESÍA. A contía dos premios será de 60 e 30 euros. De estimarse oportuno, o xurado poderá outorgar algún accésit.

d.- Os traballos, deben ser orixinais, e enviaranse ao enderezo electrónico:

**concursoromasanta22@gmail.com** da seguinte maneira:

-No **asunto do correo** figurará o título do relato/poema

-No **contido do correo** (corpo) poñerase o nome da/do concursante, curso, clase e INSTITUTO.

-O **traballo** (sempre con título) enviarase como anexo **EN FORMATO PDF**.

-O nome do arquivo ten que conter o título do traballo. **NO ANEXO PDF NON FIGURARÁN DATOS PERSOAIS NIN NO NOME DO ARQUIVO NIN NO TRABALLO.**

-As/os participantes poden resolver as súas dúbidas neste mesmo correo electrónico.

e.- O tema será libre. A extensión do **relato** será **entre 1 e 3 folios** (letra 12, dobre espazo) e os **poemas** terán **entre 10-40 versos** (un ou varios poemas no mesmo traballo). O mesmo alumnado poderá participar nas dúas modalidades.

f.- Os traballos poderán enviarse **ata as 22:00 horas do día 8 de abril**.

g.- A **entrega** dos premios realizarase no **Teatro Noela de Noia o 3 de maio do 2022**. Está previsto que sexa presencial, sempre que as condicións sanitarias o permitan.

h.- O xurado estará formado por profesorado dos catro centros participantes.

i.- A presentación ao Certame, implica a aceptación das devanditas bases.